





¿CÓMO MEDIMOS A CANTIDADE DE AUGA RECOLLIDA?

Os pluviómetros entregados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas xa contan con una probeta con dúas gradacións: unha que indica o volume de auga recollida (cm^3) e outra que indica a súa equivalencia en mm ou L/m^2 .





No caso dun pluviómetro cunha superficie de captación de 200cm^2 , teríamos unha probeta como a da figura anterior. Se medimos un volume de auga de 130 cm^3 ¿cal será a cantidade de auga recollida en L/m^2 (h)? Resolverémolo como segue:



$$V = h \cdot S$$

$V \rightarrow$ volume

$h \rightarrow$ altura que acada a auga

$S \rightarrow$ Sección da boca do pluviómetro

Tendo en conta esta fórmula:

$$h = \frac{130\text{ cm}^3}{200\text{ cm}^2} = 0.65\text{ cm} = 6.5\text{ mm} = 6.5\text{ L}/\text{m}^2$$

Entón para o noso exemplo recollemos **$6.5\text{ L}/\text{m}^2$**

Nota: Na nova rede de MeteoEscolas existen pluviómetros con superficies de captación de 200 cm^2 (os mais antigos) e de 100 cm^2 (os modelos Hellman, máis pequenos que os anteriores). Por iso é moi importante comparar o pluviómetro e a probeta para saber se temos que facer algún cálculo ou se a medida xa é directa.

Así, no caso dun pluviómetro con superficie de captación de 100 cm^2 co mesmo volume de auga recollida, teríamos un rexistro de $13\text{ L}/\text{m}^2$.